

Esquema comparativo básico das Constitucións españolas.

		1812 19-3-1812 4-5-1814	1837 18-6-1837 13-5-1845	1845 23-5-1845 5-6-1869	1869 5-6-1869 17-7-73	1876 30-6-1876 19-9-1923	1931 9-12-1931 1-4-1939	1978 6-12-1978 hoxe
Principios políticos	Ideoloxía	Réxime liberal.	Réxime liberal.	Réxime liberal doutrinario	Réxime liberal democrático.	Réxime liberal doutrinario.	Réxime liberal democrático, con igualdade total perante a lei.	Réxime liberal democrático.
	Soberanía	Soberanía Nacional.	Soberanía Nacional, en realidade compartida.	Soberanía compartida Cortes e Rei.	Soberanía Nacional.	Soberanía compartida Cortes e Rei, con preponderancia do monarca.	Soberanía popular.	Soberanía popular.
	Outros	Monarquía Constitucional, con predominio das Cortes. Separación de poderes. Confesionalidade católica (prohibidas as demais relixións). Liberdade civil. Igualdade xurídica e fiscal. Exército nacional. Ensinanza primaria pública e obrigatoria.	Monarquía Constitucional, con papel moderador da Coroa. Mantemento do culto e do clero, pero ausencia de confesionalidade católica do Estado. Os restantes principios políticos coma en 1812.	Monarquía Constitucional, con preponderancia do monarca. Confesionalidade católica, con mantemento do culto e do clero. Restantes principios coma en 1812.	Monarquía Constitucional, con predominio das Cortes. Aconfesionalidade (liberdade relixiosa). O Estado obrígase ó mantemento do clero. Descentralización.	Monarquía Constitucional, con predominio das Cortes. Aconfesionalidade (liberdade relixiosa). O Estado obrígase ó mantemento do clero. Descentralización.	Monarquía Constitucional, con preponderancia do monarca. Confesionalidade católica, permitindo outros cultos en privado. A súa redacción é confusa de xeito consciente.	República parlamentaria. Estado aconfesional, con liberdade relixiosa. Recoñecemento das autonomías rexionais. Posibilidade de socialización por utilidade pública.
Xefatura do Estado		Recae no Rei. Ten iniciativa legislativa e é inviolable. Designa e separa ós secretarios de Estado. Ten dereito a vetar unha lei durante dous anos. Ten dereito á presentación de bispos.	Recae no Rei. Convoca e dissolve as Cortes. Ten dereito de veto ilimitado dunha lei. Designa ós senadores. O resto de prerrogativas como na de 1812.	Recae no Rei. Convoca e dissolve as Cortes. O resto de prerrogativas como na de 1837.	Recae no Rei. Pode dissolver as Cortes unha vez por lexislatura. Queda explícito que só sanciona ou promulga as leis elaboradas polas Cortes. O resto de prerrogativas como nas anteriores.	Recae no Rei. Convoca e dissolve as Cortes á vontade. Ten demasiado poder real. Ten potestade legislativa compartida coas Cortes. Ten dereito de veto unha vez por lexislatura. Nomea ó xefe de goberno para que este realice as decisións. O resto de prerrogativas como nas anteriores.	Recae no Presidente da República elixido por deputados e compromisarios. Pode ser destituído polo Congreso. O seu mandato dura sete anos. Nomea ó xefe do goberno, que previamente goza da confianza do Congreso.	Recae no Rei. É inviolable, polo que non pode ser levado a xuízo. Nomea ó Presidente do Goberno previa proposta ás Cortes e aceptación do Congreso. Nomea e separa ós ministros a proposta do seu presidente.
Poder executivo		Reside no rei. Exerceo por medio de secretarios de Estado (ministros), que refrendan (lexitiman coa súa sinatura) as ordes reais das que son responsables perante as Cortes. Non poden ser deputados.	Reside no rei. Os ministros poden ser deputados, exercendo as mesmas funcións que na de 1812.	Igual que na de 1837.	Igual que na constitución anterior.	O goberno debe contar coa confianza do rei e das Cortes. O resto, como na anterior.	Reside no Consello de Ministros, dirixido polo seu Presidente. Cada ministro refrenda as ordes do Presidente da República.	Reside no Goberno, dirixido polo seu presidente. Cada ministro refrenda as ordes reais. Debe gozar da confianza do Congreso.

	1812 19-3-1812 4-5-1814	1837 18-6-1837 13-5-1845	1845 23-5-1845 5-6-1869	1869 5-6-1869 17-7-73	1876 30-6-1876 19-9-1923	1931 9-12-1931 1-4-1939	1978 6-12-1978 hoxe
Poder lexislativo	Unha soa Cámara elixida por sufraxio universal masculino. Elección en catro graos (directo o primeiro e indirecto os restantes). Son elixibles quen posúan determinada renda procedente de bens raíces. Os deputados son inviolables no exercicio das súas funcións. Teñen iniciativa lexislativa e exercen o control do goberno.	Dúas Cámaras. Congreso elixido por sufraxio restrinxido e censitario (só vota o 4,3 % da poboación). Son electores os que pagan uns determinados impostos directos. Son elixibles os que posúen determinada renda. Senado nomeado polo rei entre a aristocracia presentada en terras.	Dúas Cámaras. Congreso elixido por sufraxio máis restrinxido e censitario que na anterior ó aumentar o número de impostos esixibles (só vota o 0,8 %). Senado vitalicio designado polo rei entre a aristocracia.	Dúas Cámaras. Congreso elixido por sufraxio universal masculino e directo. Senado elixido por sufraxio universal indirecto e censitario (para ser elixible cómpre pertencer á elite das armas, clero, administración, cultura ou riqueza). Capacidade de interpelar ó executivo e de moción de censura.	Dúas Cámaras. Congreso censitario e restrinxido (só vota o 2,1 %). Senado vitalicio elixido na súa metade polo rei entre a aristocracia e o resto polos maiores contribuíntes.	Unha Cámara, Congreso, elixida por sufraxio universal, igual (homes e mulleres) e directo (vota o 55 % da poboación). Iniciativa lexislativa e control do goberno. Inviolabilidade de deputados ou parlamentarios.	Dúas Cámaras, Congreso e Senado, elixidas por sufraxio universal, igual e directo (vota máis do 55 %). Iniciativa lexislativa. Capacidade de interpelación, moción de confianza. Inviolabilidade de deputados e senadores.
Poder xudicial	Xulga e aplica as leis. Estado de Dereito, con garantías procesais e códigos únicos en materia civil, criminal e comercial. Xuíces inamovibles de designación real.	Xuízos por xurados para delitos de imprenta. Restantes funcións, como na anterior.	Limitase a autonomía dos xuíces. Non hai xuízos por xurados. O resto, como nas anteriores.	Meirande independencia dos xuíces, a metade por oposición e o resto designados polo rei, que controla os ascensos oído o Consello de Estado. Xuízos por xurado para os delitos políticos.	Igual que na anterior, pero non hai xuízos por xurados.	Unidade xurisdiccional. Total independencia dos xuíces. Xuízos por xurados.	Unidade xurisdiccional. Total independencia dos xuíces. Xuízos por xurados. Control do Consello Xeral do Poder Xudicial.
Réxime local	Deputacións provinciais e Concellos elixidos por sufraxio universal masculino indirecto. Centralización: o rei designa ó gobernador, que tamén é presidente da Deputación.	Deputacións e concellos elixidos por sufraxio censitario restrinxido. Resto, como na anterior.	Os alcaldes de concellos de máis de dous mil habitantes son elixidos polo goberno, e os de menos polo gobernador provincial. Resto, como na anterior.	Descentralización: concellos e deputacións teñen unha grande autonomía, mesmo para fixar os seus impostos. Sufraxio universal masculino.	Repite a regulación anterior, pero de feito é desvirtuada pola nova lei electoral censitaria, de carácter centralista. O goberno interfire nas deputacións e nos concellos.	Autonomía municipal. Concelleiros elixidos por sufraxio universal, igual e directo, que elixen ó alcalde.	Semellante á de 1931.
Dereitos individuais	“Habeas corpus”: os arrestos precisan de mandamento xudicial e presentación inmediata perante o xuíz. Liberdade de opinión e de asociación. Liberdade limitada de imprenta (exceptúanse os libros de temas relixiosos). Inviolabilidade do domicilio. Protección á propiedade privada. Igualdade perante a lei.	Liberdade de imprenta, sen censura previa. O resto, semellantes ós de 1812.	Semellantes dereitos ós das anteriores, pero regulados por leis posteriores que os limitan de feito.	“Habeas corpus”. Inviolabilidade do domicilio e correspondencia. Liberdade de expresión, reunión e asociación, sen censura nin depósito previo. Liberdade de residencia, de ensino e de culto. Todos estes dereitos son garantidos xuridicamente.	Restricción das liberdades constitucionais por medio de leis posteriores (imprenta, expresión, reunión e asociación) que ou ben retraen a súa entrada en vigor ou ben limitan o texto constitucional.	Garantía xurídica de todos os dereitos fundamentais recollidos na Constitución de 1869, con control do Tribunal de Garantías Constitucionais. Dereito á educación e ó traballo. Posibilidade de matrimonio civil e divorcio.	Control do Tribunal Constitucional. Existencia dun Valedor do Pobo. Semellantes dereitos ós da Constitución de 1931.